

As xornadas 'Ciencia e Territorio' do IES melidense celebraranse en setembro

Centraranse na análise da xeoloxía do Camiño

Os próximos 13, 14 e 15 de setembro celebrarase as VII Xornadas 'Ciencia e Territorio', organizadas polos departamentos de Ciencias Naturais e Sociais do IES de Melide en colaboración co Movemento de Renovación Pedagóxica Nova Escola Galega.

Nesta edición, as actividades dirixidas ó profesorado de educación secundaria- estarán centradas na análise dos aspectos xeolóxicos do Camiño de Santiago. Por primeiro ano amplíase o ámbito de estudo a toda a comunidade, e non só na Terra de Melide. Os organizadores quixeron aproveitar a celebración do Xacobeo para analizar a través do Camiño Francés os diferentes tipos litolóxicos e estruturas xeolóxicas da Galicia oriental,

facendo un percorrido leste-oeste. Deste xeito, as actividades comezarán o día 13 en Melide, coa entrega de material aos participantes e a conferencia inaugural e logo trasladaranse ó val do río Neira, en Lugo e a Baralla.

En días posteriores, os participantes terán diversas sesións de traballo de campo en Becerreá, Vegadeo (Asturias), Pedrafita do Cebreiro, Triacastela e Sarria, onde finalmente celebrarán unha asemblea e se procederá á clausura das xornadas.

Segundo explican os organizadores, o obxectivo destas actividades é "facen reflexionar aos educadores sobre a necesidade de integrar os recursos que nos ofrece o medio para que a educación cumpra o seu supremo obxectivo de formación integral dos alumnos a partir daquelo que pode ser vivenciado de xeito directo".

Pretenden converter o estudo da comarca, "que ofrece unhas posibilidades apenas explotadas", nun referente en toda a comunidade.